

O Real Decreto 412/2014 de 6 de xuño polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de Grao, en relación co Acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional establece que: *“1. Poderán acceder á universidade por esta vía os candidatos con experiencia laboral ou profesional en relación cunha ensinanza, que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías e cumpran ou teñan cumpridos os 40 anos de idade no ano natural de comezo do curso académico. 2. O acceso realizarase respecto dunhas ensinanzas concretas, ofertadas por unha Universidade, a cuxo efecto o interesado dirixirá a correspondente solicitude á Universidade da súa elección. 3. A efectos do disposto neste artigo, as Universidades incluírán na memoria do plan de estudos verificado, de acordo co disposto no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os criterios de acreditación e ámbito da experiencia laboral ou profesional en relación con cada unha das ensinanzas, de forma que permitan ordenar aos solicitantes. Entre os devanditos criterios incluírase, en todo caso, a realización dunha entrevista persoal co candidato, que poderá repetir en ocasións sucesivas”.*

O Consello de Goberno, en sesión de 23 de marzo de 2011, *acordou aprobar o Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional e non teñan titulación habilitante*, normativa que non colida coas normas incluídas no real decreto citado, agás a data para o requisito de idade a considerar, que cambia do día 1 de outubro do ano de comezo do curso académico á consideración máis ampla, do ano natural en que comece o curso académico.

Es por isto, co fin de pór en marcha o procedemento de acceso legalmente previsto que,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

- 1.1.** A presente convocatoria regula o acceso no curso 2022/2023 ás ensinanzas universitarias oficiais de grao das persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional e non teñan título oficial de acceso á universidade, conforme ao establecido no Real Decreto 412/2014.
- 1.2.** A superación do proceso facultará para o ingreso unicamente aos estudos de grao desta universidade para os que se solicitou o acceso. Ao estar estes sometidos a límite de prazas para o inicio, a admisión quedará condicionada ao proceso de asignación da prazas reservadas para este colectivo.
- 1.3.** Unha vez superado o acceso, os candidatos poden presentarse en sucesivas convocatorias coa finalidade de mellorar a súa cualificación. A efectos de ingreso na titulación solicitada, tomarase en consideración a maior das cualificacións obtidas.

Artigo 2. Requisitos

As persoas maiores de 40 anos de idade que desexen presentarse deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Cumprir, ou ter cumpridos, 40 anos antes do 1 de xaneiro de 2023.

- b) Non posuír ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por calquera outra vía de acceso.
- c) Acreditar experiencia laboral e profesional en relación coa ensinanza universitaria oficial de grao para a que se solicita o acceso.
- d) Superación dunha entrevista persoal de adecuación da experiencia ao perfil de estudos solicitados.

Artigo 3.- Solicitude, prazo e prezos públicos

3.1. Os interesados deberán presentar unha solicitude e un currículo, o prazo de presentación será desde o día **10 de febreiro** ata o día **28 de febreiro de 2022**.

A presentación da solicitude farase a través da sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/111/ver.htm>). So no caso de imposibilidade de presentación na sede poderá solicitarse de forma presencial no Servizo de Xestión Académica (Pavillón Estudantil – 15782 Campus Vida – Santiago de Compostela) ou na Vicexerencia do Campus de Lugo (Edif. Biblioteca Intercentros – 27002 Campus Universitario – Lugo)

A solicitude incluírá unha declaración xurada de non posuír título académico habilitante que lle faculte para o acceso á Universidade.

A dirección de correo electrónico declarada na solicitude será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven deste proceso. Deberase incluír na solicitude, ademais, un número de teléfono móbil de contacto para a recepción das posibles comunicacións. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, farase a través do taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Coa presentación da solicitude na sede, xerarase o impreso de liquidación para o ingreso dos prezos públicos de inscrición no proceso que o interesado deberá aboar nese mesmo momento.

Se a solicitude é de forma presencial, xerarase o impreso de liquidación no momento da presentación. Unha vez aboados os prezos deberase enviar copia do xustificante de ingreso ao seguinte enderezo electrónico: sga@usc.gal. O ingreso deberá realizarse dentro do prazo de matrícula.

3.2. Só se poderá solicitar a participación para unha ensinanza universitaria de grao en cada convocatoria. Extraordinariamente poderá autorizarse a participación para optar a máis dunha titulación se as datas da Segunda Fase (entrevista) non son coincidentes. Neste caso se xerará unha liquidación por cada titulación.

3.3. Xunto coa solicitude, os interesados anexarán de forma dixitalizada ou no seu caso entregarán:

- Xustificación da redución ou exención dos prezos (de ser o caso)
- Copia do DNI ou pasaporte.
- Currículo según modelo que figura no Anexo II desta Convocatoria, acompañado da documentación acreditativa da experiencia laboral.

- 3.4.** No caso de serlles requirido polo Tribunal, os solicitantes deberán presentar ante este, de forma adicional, a documentación acreditativa dos datos incluídos no currículo.

Calquera omisión ou falsidade dos datos declarados que poida inducir a facer unha valoración incorrecta do expediente, poderá dar lugar á anulación da matrícula e de todas as actuacións posteriores cando proceda, á marxe doutras responsabilidades que puidesen derivarse.

- 3.5.** Conforme ao establecido para as probas de acceso á universidade no Decreto 103/2021 de 1 de xullo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, os candidatos deberán aboar a cantidade de 63,67 €.

Estarán exentos total ou parcialmente do pago os solicitantes que se acollan aos beneficios da Lei de protección das familias numerosas, sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente no prazo ordinario de matrícula.

Así mesmo, estarán exentos do pagamento dos prezos públicos de matrícula os candidatos que estean nalgún dos seguintes supostos:

Discapacidade.- Os que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. Deberán presentar o documento acreditativo do grao de minusvalía expedido pola autoridade competente.

Vítimas de actos terroristas.- Serán de aplicación as exencións legais para vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas. Esta condición, que se acreditará de conformidade co disposto no Artigo 4 bis, apartado 3, de a Lei 32/1999 de 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, deberá estar en vigor no prazo de matrícula.

Violencia de xénero .- Será de aplicación ás persoas que sofren violencia de xénero, así como aos seus fillos. Esta situación acreditarase por algún dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testemuño ou copia autenticada polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- Certificación e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.
- Certificación dos Servizos de Acolida da Administración Pública Autonómica ou Local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente.

O documento acreditativo de dita condición deberá cumprir os requisitos establecidos no Decreto de Prezos Públicos que aproba anualmente a Xunta.

Os **beneficiarios das axudas e subvencións** para o persoal da universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Outras exencións. Aplicaranse outras exencións que estean reguladas por disposicións normativas da Comunidade Autónoma de Galicia ou estatais.

Artigo 4. Estrutura e cualificación

4.1. De conformidade co disposto no artigo 21.1 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias de Grao, os tribunais determinarán as medidas oportunas que garantan que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar o proceso nas debidas condicións de igualdade.

4.2. A avaliación da experiencia laboral e profesional desta convocatoria estrutúrase en dúas fases: fase de valoración da experiencia laboral e currículo (en diante Primeira Fase); e fase de entrevista (en diante Segunda Fase).

A puntuación en cada unha delas será de 0 a 10 puntos.

4.3. Con carácter previo á recepción dos currículos dos interesados polo tribunal respectivo e a avaliación, os tribunais deberán concretar e publicar os criterios de valoración da Primeira e Segunda Fase, que deberán adecuarse en todo caso aos establecidos con carácter xeral nos parágrafos seguintes.

4.3.1. Avaliación da Primeira Fase.-Deberán considerarse os seguintes apartados:

a) **Experiencia laboral e profesional** en actividades directamente relacionadas ou que sexan afíns aos estudos solicitados, e poidan ser debidamente acreditadas . Esta acreditación, poderá facerse mediante o contrato de traballo ou nomeamento, vida laboral, e outros medios probatorios admitidos en dereito. A documentación deberá indicar as funcións do posto ou postos ocupados, tempo de dedicación e nivel de competencia. Deberá presentarse a certificación oficial dos períodos de cotización aos sistemas públicos de previsión social.

A valoración deberá expresarse mediante unha cualificación numérica de 0 a 6 puntos con dous decimais. Para valorar esta Primeira Fase deberá utilizarse o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (Instituto Nacional de Cualificacións) mediante o que se establece a afinidade entre as familias profesionais e as titulacións de grao da USC, incluído como ANEXO IV.

b) **Formación:** Poderá acadarse un máximo de 2 puntos, debendo puntuar a titulación de Técnico de Formación Profesional ou equivalente en ciclos formativos de grao medio directamente relacionados coa titulación solicitada (Segundo Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais); e a formación continua ou cursos de formación recibidos con contidos relacionados coa titulación solicitada e que poidan ser acreditados por centros ou organismos oficiais. A puntuación será de 1 punto polo título de Técnico de Formación Profesional ou ciclos formativos de grao medio e 0,01 puntos por hora nos cursos de formación. Non poderá valorarse o mesmo curso máis dunha vez, no caso de ter varias edicións só se valorará a última.

c) **Galego:** O coñecemento acreditado de Lingua Galega valorarase con 1 punto ao nivel máis alto.

d) **Outros méritos:** Máximo 1 punto. Valorarase o coñecemento acreditado de idiomas comunitarios. Neste apartado tamén se poderán valorar aspectos relacionados coas competencias do grao ao que se opta, tales como coñecementos informáticos, postos de traballo desenvolto, mobilidade, etc., sempre que non se tivesen en conta noutros apartados.

Para superar a Primeira Fase deberase obter un mínimo de 4 puntos.

4.3.2. Criterios para a avaliación da Segunda Fase.- A Segunda Fase consistirá nunha entrevista co candidato. Só poderán acceder a ela os que superen a Primeira Fase (valoración de experiencia laboral e currículo). A duración máxima da entrevista deberá determinarse previamente polo Tribunal.

Na avaliación da entrevista persoal deberá considerarse a expresión oral, a adecuación dos coñecementos e competencias aos dos estudos solicitados, a motivación, etc. A cualificación da entrevista non poderá superar os 10 puntos.

Para superar a Segunda Fase será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 4 puntos.

4.4. Cualificación final: Será a media aritmética das puntuacións obtidas na Primeira e a Segunda Fase. Consideraranse superadas a probas de acceso cando a cualificación final sexa igual ou superior a 5 puntos.

A publicación da resolución cos resultados farase no taboleiro electrónico da USC, así como no lugar de celebración dos exames .

Artigo 5.- Calendario

5.1. Publicación na web da USC dos Tribunais: O 9 de marzo faranse públicos o nomeamento e a composición dos tribunais.

5.2. Publicación na web da USC dos criterios de valoración da Primeira e Segunda Fase: 15 de marzo.

5.3. A Primeira Fase de valoración da experiencia profesional e dos currículos terá lugar entre o 23 e o 25 de marzo.

5.4. Publicación de resultados da Primeira Fase: 30 de marzo nos centros respectivos e na páxina web da USC.

5.5. Segunda Fase: As entrevistas celebraranse entre o 20 e 22 de abril na datas e horarios concretos para cada candidato que se publicarán conxuntamente coas cualificacións da Primeira Fase.

5.6. Publicación na web da USC das cualificacións da Segunda Fase e das cualificacións finais: 26 de abril.

5.7. Publicación na web da USC das cualificacións definitivas tras a revisión: 10 de maio.

Artigo 6.- Tribunais

Conforme ao regulamento aprobado no Consello de Goberno, o reitor nomeará un Tribunal para cada un dos centros. O Tribunal será o responsable de cualificar aos candidatos que se presenten para ingresar nas titulacións de grao que organiza cada centro, segundo o disposto nesta convocatoria.

Formarán parte do Tribunal:

- O Decano, ou persoa na que delegue, que actuará de presidente e dous profesores que deberán ter como mínimo cinco anos de experiencia docente avaliados positivamente. Destes profesores, un actuará como secretario do Tribunal.
- O Centro poderá designar dous profesores suplentes cos mesmos requisitos indicados no apartado anterior.

A composición deberá ser equilibrada entre homes e mulleres. No caso de centros que xestionen varias titulacións, os Tribunais poderán ter un maior número de vogais (debendo ser o número total de membros impar) ou ben constituír máis dun Tribunal.

Os membros dos Tribunais deberán absterse, e poderán ser recusados polos interesados, cando concorran neles as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 7.- Reclamacións

Os solicitantes poderán reclamar, de forma motivada, perante o presidente do Tribunal respecto da cualificación outorgada en cada unha das fases. O prazo de presentación destas reclamacións será de cinco días hábiles, contados desde a data de publicación das cualificacións. O Tribunal deberá responder en tres días hábiles ás reclamacións presentadas.

A reclamación presentarase na Sede electrónica, a través do formulario xeral de petición (<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/102/ver.htm>).

Transcorrido o prazo para a presentación das reclamacións da segunda fase ou logo da súa resolución motivada por parte do Tribunal, publicarase a resolución definitiva coas cualificacións. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante o Reitor.

Disposición adicional primeira.- Anexo a esta convocatoria publícase a adscrición das familias profesionais ás ramas de coñecemento e a táboa coas familias profesionais.

Disposición adicional segunda.- Como anexo a esta resolución figuran os modelos de solicitude (só para o caso de que se solicite de forma presencial) e de currículo (este documento deberá cubrirse tanto se a solicitude se realiza de forma presencial ou a través da sede electrónica da USC).

Disposición adicional terceira.-Todas as referencias a cargos e figuras (Decano, interesados, etc.) enténdese xenericamente neutras e fan referencia tanto a mulleres como a homes.

Disposición final.- A presente resolución entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante **o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo** no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación oficial no taboleiro electrónico, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela

O Reitor,

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC



ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA O ACCESO ÁS ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO PARA AS PERSOAS MAIORES DE 40 ANOS QUE ACREDITEN EXPERIENCIA PROFESIONAL OU LABORAL. CURSO 2022/2023.

APELIDOS: NOME:

DNI/PASAPORTE:

DIRECC. CORREO ELECTRÓNICO: Teléfono:

DOMICILIO:

LOCALIDADE: C.P.: PROVINCIA: PAÍS:

DATA DE NACEMENTO (dd/mm/aaaa):/...../.....

ESTUDOS DE GRAO PARA OS QUE SOLICITARÁ O INGRESO:

ESTUDOS PREVIOS/ CENTRO:

A persoa que solicita participar no proceso e asina declara non posuír ningunha titulación académica habilitante para o ingreso na universidade por outras vías de acceso•

....., a..... de febreiro de 2022

- **NOTA IMPRESO DE LIQUIDACIÓN DOS PREZOS**
 - o Presentación da solicitude en sede electrónica.- O pagamento xerárase no mesmo momento dda solicitude na sede.
 - o Presentación da solicitude no Servicio de Xestión Académica ou na Vicexerencia do Campus de Lugo.- O impreso xerárase no momento en que o interesado presente a solicitude de inscrición.

REITOR

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I

Curriculum Vitae

Información personal

Información persoal

Apellido(s) / Nombre(s)

Apelido(s) / Nome (s)

Dirección (direcciones)

Enderezo (enderezos)

Teléfono(s)

Teléfono(s)

Fax(es)

Fax(es)

Correo(s) electrónico(s)

Correo(s) electrónico(s)

Nacionalidad

Nacionalidade

Fecha de nacimiento

Data de nacemento

Sexo

Sexo

Experiencia laboral

Experiencia laboral

Fechas

Datas

Describe por separado cada empleo relevante que haya desempeñado, comenzando por el más reciente. Suprimir cuando no proceda

Describe por separado cada emprego relevante que teña desempeñado, comezando polo máis recente. Suprimir cando non proceda

Profesión o cargo desempeñado

Profesión e cargo desempeñado

Funciones y responsabilidades

Principales

Funcións e responsabilidades principais

Nombre y dirección de la empresa o

empleador

Nome e enderezo da empresa ou

empregador

Tipo de empresa o sector
Tipo de empresa ou sector

Educación y formación Educación e formación

Fechas
Datas

Describe por separado cada curso realizado, comenzando por el más reciente. Suprimir cuando no proceda. Debe detallar la duración en horas de cada contenido formativo.
Describe por separado cada curso realizado, comezando polo máis recente. Suprimir cando non proceda

Cualificación obtenida
Cualificación obtida

Principales materias o capacidades
profesionales estudiadas
Principais materias ou capacidades
profesionais estudiadas

Nombre y tipo del centro de estudios
Nome e tipo do centro de estudos

Nivel conforme a una clasificación
nacional o internacional
Nivel consonte a unha clasificación
nacional ou internacional

Suprimir cuando no proceda
Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias personales

Capacidades e competencias
persoais

Idioma(s) materno(s)
Idioma(s) materno(s)

Otro(s) idioma(s)
Outro(s) idioma(s)

Autoevaluación
Autoavaliación

Nivel europeo (*)
Nivel europeo (*)

Idioma
Idioma

Idioma
Idioma

Comprensión Comprensión		Habla Fala		Escritura Escritura	
Comprensión auditiva Comprensión auditiva	Lectura Lectura	Interacción oral Interacción oral	Capacidad oral Capacidade oral		

(*) [Nivel del Marco Europeo Común de Referencia \(MECR\)](#)

(*) [Nivel do Marco Europeo Común de Referencia \(MECR\)](#)

Capacidades y competencias
sociales
Capacidades e competencias sociais

Describe dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias organizativas	Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda
Capacidades e competencias organizativas	Descrība as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda
Capacidades y competencias técnicas	Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda
Capacidades e competencias técnicas	Descrība as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda
Capacidades y competencias informáticas	Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda
Capacidades e competencias informáticas	Descrība as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda
Capacidades y competencias artísticas	Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda
Capacidades e competencias artísticas	Descrība as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda
Otras capacidades y competencias	Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda
Otras capacidades e competencias	Descrība as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda
Otras informaciones	Indique en este apartado cualquier otra información que pueda tener relevancia, por ejemplo personas de contacto, referencias, etc.
Outras informacións	Indique neste apartado calquera outra información que poida ter relevancia, por exemplo persoas de contacto, referencias, etc.
Anexos	
Anexos	

ANEXO III

Adscripción das familias profesionais ás ramas de coñecemento

Familia Profesional	Rama de coñecemento
Actividades Física e deportivas	Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas
Administración e Xestión	Ciencias Sociais e Xurídicas
Agraria	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Artes Gráficas	Artes e Humanidades Enxeñaría e Arquitectura
Comercio e Mercadotecnia	Ciencias Sociais e Xurídicas
Edificación e Obra civil	Enxeñaría e Arquitectura
Electricidade e Electrónica	Enxeñaría e Arquitectura
Enerxía e Auga	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Fabricación Mecánica	Ciencias Ciencias da Saúde Enxeñaría e Arquitectura
Hostalaría e Turismo	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Imaxe Persoal	Ciencias Ciencias da Saúde
Imaxe e son	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Industrias Alimentarias	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Informática e comunicacións	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Instalacións e Mantemento	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Madeira Moble e Cortiza	Enxeñaría e Arquitectura
Marítimo Pesqueira	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Química	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Sanidade	Ciencias Ciencias da Saúde Enxeñaría e Arquitectura
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Téxtil, Confección e Pel	Enxeñaría e Arquitectura
Transporte e Mantemento de Vehículos	Enxeñaría e Arquitectura
Vidro e Cerámica	Enxeñaría e Arquitectura

V

ANEXO IV

Táboa coas familias profesionais e o nivel das cualificacións de acceso aos graos

Código	Grao	Familia profesional
G3071V01	GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	Administración e Xestión Comercio e Márketing
G3101V01	GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS (LUGO)	Administración e Xestión Comercio e Márketing
G1021V01	GRAO EN BIOLOXÍA	Industrias alimentarias Química Sanidade Seguridade e Medio Ambiente
G1061V01	GRAO EN BIOQUÍMICA (LUGO)	Química Sanidade
G1051V01	GRAO EN BIOTECNOLOXÍA	Industrias alimentarias Química Sanidade
G3011V01	GRAO EN CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACIÓN	Todas as familias e as cualificacións de niveis 3
G3041V01	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Actividades Físicas e Deportivas Administración e Xestión Artes Gráficas Comercio e Marketing Hostalería e Turismo Imaxe Persoal Imaxe e Son Seguridade e Medio Ambiente Servizos Socioculturais e á Comunidade
G3191V01	GRAO EN CRIMINOLOXÍA	Vixilancia e seguridade privada Gardarío rural e marítimo Cometidos operativos básicos e de seguridade militar
G3161V01	GRAO EN DEREITO	Administración e Xestión
G3061V01	GRAO EN ECONOMÍA	Administración e Xestión Comercio e Márketing
G3091V01	GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son

Código	Grao	Familia profesional
G3201V01	GRAO EN EMPRESA E TECNOLOXÍA(LUGO) presencial	Administración e Xestión Comercio e Marketing Imaxe e Son
G3201V02	GRAO EN EMPRESA E TECNOLOXÍA (LUGO) semipresencial	Informática e Comunicacóns Resto de Familias Profesionais de nivel 3
G2021V01	GRAO EN ENFERMARÍA	Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade
G2031V01	GRAO EN ENFERMARÍA (LUGO)	Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade
G4091V01	GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA (LUGO)	Agraria Electricidade e electrónica Enerxía e auga Fabricación mecánica Industrias alimentarias Instalacións e mantemento Marítimo pesqueira Transporte e mantemento de vehículo
G4041V01	GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL (LUGO)	Edificación e obra civil Enerxía e auga Industrias extractivas
G4031V01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS (LUGO)	Edificación e obra civil Electricidade e electrónica Enerxía e auga Fabricación mecánica Instalación e mantemento Química Vidro e cerámica
G4071V01	GRAO EN ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL (LUGO)	Agraria Electricidade e electrónica Enerxía e auga Madeira, moble e corcho Marítimo pesqueira Química
G4011V01	GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	Imaxe e son Informática e comunicacóns
G4021V01	GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA	Industrias alimentarias Instalación e mantemento Química Vidro e cerámica
G2081V01	GRAO EN FARMACIA	Sanidade
G5071V01	GRAO EN FILOLOXÍA CLÁSICA	Todas as familias
G5031V01	GRAO EN FILOSOFÍA	Todas as familias

Código	Grao	Familia profesional
G1031V01	GRAO EN FÍSICA	Agraria Edificación e Obra civil Electricidade e Electrónica Enerxía e Auga Fabricación Mecánica Industrias Alimentarias Industrias Extractivas Informática e Comunicacóns Instalacións e Mantemento Madeira, Moble e Cortiza Marítimo Pesqueira Química Sanidade Téxtil, Confección e Pel Transporte e Mantemento de Vehículos Vidro e Cerámica
G5021V01	GRAO EN HISTORIA	Administración e xestión Artes gráficas Hostalaría e Turismo Imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade
G5011V01	GRAO EN HISTORIA DA ARTE	Administración e xestión Artes gráficas Hostalaría e Turismo Imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade
G5041V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS	Todas as familias
G5051V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS	Todas as familias
G5061V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA INGLESAS	Todas as familias
G5081V01	GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS	Todas as familias

Código	Grao	Familia profesional
G1011V01	GRAO EN MATEMÁTICAS	Agraria Edificación e Obra Civil Electricidade e Electrónica Enerxía e Auga Fabricación Mecánica Industrias Alimentarias Industrias Extractivas Informática e Comunicacóns Instalacións e Mantemento Madeira, Moble e Cortiza Marítimo Pesqueira Química Sanidade Téxtil, Confección e Pel Vehículos Vidro e Cerámica
G2051V01	GRAO EN MEDICINA	Actividades Físicas e Deportivas Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade
G3121V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN INFANTIL	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son
G3131V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN INFANTIL (LUGO)	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son
G3141V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN PRIMARIA	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son
G3151V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN PRIMARIA (LUGO)	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son
G2071V01	GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA (LUGO)	Industrias alimentarias Química Sanidade
G2061V01	GRAO EN ODONTOLOXÍA	Actividades Físicas e Deportivas Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade
G2041V01	GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA	Química Sanidade

Código	Grao	Familia profesional
G4101V01	GRAO EN PAISAXE	Agraria Artes Gráficas Edificación e Obra Civil Enerxía e Auga Instalacións e Mantemento Seguridade e Medio Ambiente Servizos Socioculturais á Comunidade
G3081V01	GRAO EN PEDAGOXÍA	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Imaxe e Son
G2011V01	GRAO EN PSICOLOXÍA	Comercio e Marketing Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade
G1041V01	GRAO EN QUÍMICA	Química
G3021V01	GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	Administración e xestión Comercio e marketing Seguridade e Medioambiente
G3111V01	GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS (LUGO)	Administración e xestión Comercio e marketing Seguridade e Medioambiente
G4111V01	GRAO EN ROBÓTICA	Electricidade e electrónica Enerxía e auga Fabricación mecánica Informática e comunicacións Instalacións e mantemento Transporte e mantemento de vehículo
G3171V01	GRAO EN TRABALLO SOCIAL	Servizos Socioculturais e á Comunidade
G2091V01	GRAO EN VETERINARIA (LUGO)	Agraria Industrias Alimentarias Sanidade Seguridade e Medio Ambiente
G3051V01	GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	Administración e xestión Artes gráficas Hostalería e Turismo Imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade
G5111V01 G5111V02	GRAO EN XESTIÓN CULTURAL(presencial) GRAO EN XESTIÓN CULTURAL(semipresencial)	Administración e xestión Imaxe e son Informática e comunicacións Servizos Culturais e á comunidade

X

Código	Grao	Familia profesional
G3031V01	GRAO EN XORNALISMO	Actividades Físicas e Deportivas Administración e Xestión Artes Gráficas Comercio e Marketing Hostalería e Turismo Imaxe Persoal Comunicación, Imaxe e Son Seguridade e Medio Ambiente Servizos Socioculturais e á Comunidade

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
03/02/2022 17:47:39.

CSV: 3276-36A6-4649-9448